

b) NOMEAMENTOS:**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

Orde do 24 de febreiro de 2006 pola que se nomea a Jaime Diéguez Díaz presidente da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares.

En virtude do establecido na letra a) do artigo 5 do Decreto 202/1992, do 10 de xullo, polo que se modifica a estrutura da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares, modificada polo Decreto 311/2001, do 17 de decembro.

Nomeo a Jaime Diéguez Díaz presidente da Xunta Consultiva de Caza da Reserva Nacional dos Ancares.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2006.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 51/2006, do 23 de marzo, polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro, DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no artigo 8.2º, establece que a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional serán acordadas pola Comunidade Autónoma, ben por proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa co acordo do referido consello, en todo caso, logo de informe do Consello de Goberno da universidade.

No uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, ditouse o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. Estes estudos de posgrao teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e artículanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de máster ou doutor. Este real decreto regula o marco xurídico das ensinanzas de posgrao, en consonancia coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior. No artigo 5, modificado polo Real decreto 1509/2005, do 16 de decembro, establécese que a implantación dos programas oficiais de posgrao será acordada pola comunidade autónoma correspondente, de acordo co que establece o artigo 8.2º da Lei orgánica de universidades.

No ámbito autonómico, esta materia está regulada no Decreto 259/1994, do 29 de xullo (DOG do 16 de agosto), polo que se establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu artigo 3.1º establécese que a autorización para a implantación de estudos no ámbito territorial propio da comunidade autónoma será feita mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Consello Social da universidade galega xa autorizada e logo do informe do Consello Galego de Universidades.

Baixo a formulación xeral exposta, neste decreto considérase a implantación de estudos conducentes aos títulos de máster no sistema universitario de Galicia, unha vez cumpridos xa todos os requisitos previos ao acto formal de autorización por parte da Xunta de Galicia.

A construción dun Espazo Europeo de Educación Superior, organizado polos principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade, oriéntase á consecución, entre outros obxectivos, dun sistema baseado fundamentalmente en dous niveis principais de ensino: grao e posgrao. Neste proceso de converxencia destaca a relevancia dos estudos europeos de posgrao como un dos principais elementos para reforzar a educación superior europea no contexto internacional e a acreditación dos estudos para asegurar un nivel de calidade adecuado.

A reforma do modelo iníciase coa regulación da estrutura das ensinanzas universitarias e a regulación dos estudos de grao dada polo Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que o proceso de implantación das novas ensinanzas oficiais de posgrao dependerá da configuración do novo catálogo de títulos oficiais de grao no marco do proceso de converxencia europea e dos prazos previsibles para a súa posta en marcha que se desenvolverá de forma progresiva ata o ano 2010.

A oferta de ensinanzas oficiais de posgrao ten que deseñarse co obxecto de atender fundamentalmente a demanda dos actuais titulados universitarios que

desexen recibir unha especialización adicional ou formación investigadora e a de profesionais titulados universitarios que decidan actualizar os seus coñecementos e destrezas ou modificar o seu perfil. Así mesmo, ten que responder ás necesidades de Galicia cunha oferta coordinada, integrada e complementaria no sistema universitario de Galicia.

Os primeiros programas de posgrao que se van implantar están pensados nunha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro que responde ás necesidades socioeconómicas galegas, ás expectativas de formación dos alumnos e ás necesidades estruturais de funcionamento das universidades.

Por todo isto, en aplicación do artigo 8.2º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, por proposta dos consellos sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, cos informes dos consellos de Goberno das respectivas universidades, logo de informe favorable do Consello Galego de Universidades, en exercicio das competencias sinaladas na Lei 2/2003, do 22 de maio, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e tres de marzo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Universidade da Coruña.

1. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en urbanismo: planos e proxectos. Do territorio á cidade dentro do programa de posgrao máster en urbanismo: planos e proxectos. Do territorio á cidade.

2. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría naval e oceánica dentro do programa de posgrao en enxeñaría naval e oceánica.

3. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en banca e finanzas dentro do programa de posgrao en economía e empresa.

4. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en informática dentro do programa de posgrao en informática.

5. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en dereito: especialidade en estudos da unión europea dentro do programa de posgrao en dereito.

6. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en química ambiental e fundamental dentro do programa de posgrao en química ambiental e fundamental.

7. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría da auga dentro do programa de posgrao en enxeñaría da auga.

8. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en xestión e investigación da discapacidade e a dependencia dentro do programa de posgrao en saúde, discapacidade, dependencia e sociedade.

9. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría matemática dentro do programa de posgrao en métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

10. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en dirección e planificación do turismo dentro do programa de posgrao en dirección e planificación do turismo (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

11. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en xerontoloxía dentro do programa de posgrao en xerontoloxía (interuniversitario UDC, USC).

12. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en neurociencia dentro do programa de posgrao en neurociencia (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

13. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en física aplicada dentro do programa de posgrao en física aplicada (interuniversitario UDC, Uvigo).

Artigo 2º

Universidade de Santiago de Compostela.

1. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en química avanzada dentro do programa de posgrao en ciencia e tecnoloxía química.

2. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría ambiental dentro do programa de posgrao en enxeñaría química e ambiental.

3. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría biotecnolóxica dentro do programa de posgrao en enxeñaría biotecnolóxica.

4. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en servizos culturais dentro do programa de posgrao en servizos culturais.

5. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en historia contemporánea dentro do programa de posgrao en historia contemporánea (interuniversitario, coordinado pola Universidade Autónoma de Madrid).

6. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría matemática dentro do programa de posgrao en métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

7. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en dirección e planificación do turismo dentro do programa de posgrao en dirección e planificación do turismo (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

8. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en xerontoloxía dentro do programa de posgrao en xerontoloxía (interuniversitario UDC, USC).

9. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en neurociencia dentro do programa de posgrao en neurociencia (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

Artigo 3º

Universidade de Vigo.

1. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en seguridade integral na industria dentro do programa de posgrao en seguridade integral.

2. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en contabilidade e finanzas dentro do programa de posgrao en contabilidade e finanzas.

3. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria dentro do programa de posgrao en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria.

4. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en estudos de xénero dentro do programa de posgrao en máster en estudos de xénero.

5. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en enxeñaría matemática dentro do programa de posgrao en métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

6. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en dirección e planificación do turismo dentro do programa de posgrao en dirección e planificación do turismo (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

7. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en física aplicada dentro do programa de posgrao en física aplicada (interuniversitario UDC, Uvigo).

8. Concédese autorización para que se implanten os estudos conducentes ao título de máster en neurociencia dentro do programa de posgrao en neurociencia (interuniversitario UDC, USC, Uvigo).

Disposicións adicionais

Primeira.-Respecto da homologación dos plans de estudos, as universidades ateranse ao disposto no artigo 35 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e a regulación contida no Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Segunda.-A efectiva impartición de estudos autorizados neste decreto queda condicionada ao procedemento ordinario que cómpre, segundo o establecido no artigo 35.4º da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de marzo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 27 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, polo que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicaranlle aos organismos responsables na comunidade autónoma a homologación dos ditos cursos, e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial res-